

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN do 9 de xullo de 2018, pola que se aproba a relación provisional de admitidos e excluídos ao proceso para a cobertura dun posto de persoal directivo na Axencia Galega de Innovación, convocado pola Resolución do 29 de maio de 2018.

En virtude do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, e de acordo co establecido no artigo 5 das bases da convocatoria que rexe o proceso de selección convocado por Resolución do 29 de maio de 2018 (DOG núm. 108, do 7 de xuño), esta Dirección

RESOLVE:

Aprobar a relación provisional de admitidos e excluídos para a cobertura dun posto de persoal directivo na Axencia Galega de Innovación (Anexo).

Contra esta resolución, as persoas interesadas disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

As reclamacións presentaranse no Rexistro da Axencia Galega de Innovación (Praza de Europa, 10-A-6º-Santiago de Compostela), ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso deberá remitirse por fax ao seguinte número: (+34) 981-541-039, e antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, copia da reclamación rexistrada.

De acordo co artigo 5 parágrafo 2º das bases da convocatoria, a relación de aspirantes excluídos e admitidos pode consultarse na páxina web da Axencia Galega de Innovación (gain.xunta.gal), na epígrafe Axencia/Procesos Selectivos/ Procesos selectivos ano 2018.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa non admisión serán definitivamente excluídos/as.

Santiago de Compostela, 9 xullo de 2018

A directora da Axencia Galega de Innovación


Patricia Argerey Vilar



ANEXO

LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

CÓDIGO: IN.A11.00.003.15770.001

DENOMINACIÓN: Director/a da Área de Servizos

ANO DA CONVOCATORIA: 2018

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 7 de xuño (Núm.108)

DATA DE PUBLICACIÓN DO LISTADO: 10 de xullo de 2018

ADMITIDOS:

APELIDOS	NOME	NIF
Cortés Jiménez	María José	36063342D
Gayoso Taboada	Rubén Antonio	53163013P

EXCLUÍDOS

APELIDOS	NOME	NIF
Arenas Barreiro	Pedro	32839250B

Causa da exclusión: non presentación da declaración responsable de cumprimento dos requisitos exixidos (artigo 4 das bases da convocatoria- solicitudes e prazo de presentación)

